Parlamento Europeo

Mª Lídia Senra Rodríguez
Deputada no Parlamento Europeo

ASUNTO: CASTRO DE CHAVAGA (MONFORTE)

A/A DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL,
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
XUNTA DE GALICIA

Dona María Lídia Senra Rodríguez, deputada no Parlamento Europeo, membro do Grupo da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL)

EXPÓN:

Que o pasado 8 de agosto realizou, acompañada por Dona Paula Vázquez Verao, deputada de En Marea no Parlamento Galego, unha visita ao Castro de Chavaga, en Monforte de Lemos, despois de ser avisadas pola veciñanza de que na zona afectada polos incendios forestais do outubro pasado, se estaban levando a cabo traballos para talar e retirar a madeira queimada, con maquinaria pesada.
Ao acudir á zona, comprobamos como efectivamente, a maquinaria chegou a abrir pistas que non respectan os camiños existentes, nin sequera os muros perimetrais que existen nas cotas do monte, na contorna de protección do castro. Estes traballos no Monte do Castro orixinaron desperfectos na zona, incluso nos muros de pedra antigos, como se pode ver nas seguintes fotografías:

Como esta Dirección Xeral saberá, no Monte Castro consta un xacemento catalogado (Castro da Coroa ou de Cabo), coa referencia GA27031013, adscrito á Idade do Ferro e reocupado na época sueva, e conformado por dúas plataformas circundadas por cadanseu terraplén.

Ante a gravidade desta situación, e tendo en conta que este 2018 é o Ano Europeo do Patrimonio Cultural,

SOLICITA:

- Copia da autorización que está obrigada a emitir esta Consellería para que se poideran levar a cabo estes traballos, tendo en conta que na Lei 5/2016 do 4 de maio, do patirmonio cultural de Galicia, no capítulo IV se recolle que “as intervencións que se realicen no contorno da protección dos bens declarados de interese cultural e catalogado deberán contar coa autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural cando teñan por obxecto”, entre outras, “a implantación ou os cambios de uso que poidan ter incidencia sobre a apreciación dos bens no territorio, incluídas as cortas e as repoboacións forestais” e “as remocións de terras de calquera tipo no contorno de protección dos bens integrantes do patrimonio arqueolóxico”.

- Informe que debería ter realizado esta Dirección Xeral sobre o seguimento dos traballos de corta e o traslado da madeira queimada no Castro de Chavaga, tendo en conta que a lei citada anteriormente tamén recolle que “o contorno de protección debe manterse cos seus valores ambientais” e, en concreto, terase en conta como criterio específico “evitar os movementos de terras que supoñan unha variación significativa da topografía orixinal do contorno” e “procurarase a súa compatibilidade cos elementos configuradores

da estrutura territorial tradicional, como son a rede de camiños, os muros de peche, as sebes, as tapias, os noiros e outros semellantes".

- Medidas a levar a cabo para protexer o castro de Chavaga, recuperar a contorna danada e evitar que isto volva a producirse.

Esperando as súas respostas,
Reciban un cordial saludo,
a 13 de agosto de 2018

Mª Lídia Senra Rodríguez
Deputada Galega no Parlamento Europeo,
Integrada no Grupo Parlamentario da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL)
Dirección a efectos de notificación na rúa do Hórreo, 60 - Entrechan (C.P.: 15.702) de Santiago de Compostela (A Coruña)
Tlf.: 881.817.443
Correo-e: lidia.senra@europarl.europa.eu